



## **Proposicións non de lei aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia o 13 de xuño de 2012**

### **4.2 08/PNP-1812 (82344)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Paz Franco, María Tereixa, e Suárez Canal, Alfredo**

**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial**

***Publicación da iniciativa, BOPG núm. 695, do 16.05.2012***

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar as seguintes actuacións en relación coa proposta de modificación da demarcación xudicial de rexeitar a proposta do Consejo General del Poder Judicial, prevista no seu informe *Principios para una nueva demarcación judicial*, no que se refire á supresión de partidos xudiciais, por prexudicar directamente a Administración de Xustiza e os seus usuarios en Galicia”.

### **4.5 08/PNP-1850 (83261)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez Miranda, Antonio, e oito deputados máis**

**Sobre a elaboración do Mapa de emerxencias de Galicia**

***Publicación da iniciativa, BOPG núm. 704, do 31.05.2012***

O texto aprobado é o seguinte:



"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar, en consenso coa Fegamp e coas demais administracións implicadas, o Mapa de emerxencias de Galicia de acordo con criterios de obxectividade e axilidade, que permitan dar cobertura e atención á totalidade da cidadanía galega".

#### **4.6 08/PNP-1856 (83367)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Balseiro Orol, José Manuel, e trece deputados máis**

##### **Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do Mar diante da reforma da política pesqueira común, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto**

##### ***Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 704, do 31.05.2012***

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio á proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do Mar ás deputadas e aos deputados da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, do Parlamento de Galicia en relación cos aspectos clave para Galicia ante a reforma da política pesqueira común, e acorda instar a Xunta de Galicia a:

- 1.- Asumir como propio o devandito ditame.
- 2.- Dar traslado inmediato deste acordo e do ditame correspondente:
  - a) Ao Consello Galego de Pesca para a súa análise e consideración á hora de emitir a opinión conxunta do sector marítimo-pesqueiro e acuícola galego.



b) Ao Goberno de España, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e ás Cortes Xerais, a través das súas comisións de pesca.

c) [Á Comisión Europea, Parlamento Europeo](#), a través da Comisión de Pesca, e a aqueles foros onde se atope representada a Comunidade Autónoma de Galicia no marco europeo.

3.- Establecer os contactos pertinentes co marco decisorio europeo ([Comisión Europea e Parlamento Europeo](#)) e estatal (Goberno de España e Cortes Xerais) de cara a realizar a presentación dos aspectos recollidos no texto definitivamente aprobado".

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia